

## e MINIEMPRESAS A CORUÑA

# Produtos de beleza e para a saúde con esencias do Camiño

P. O. C.  
A CORUÑA

Alumnos do ciclo formativo superior de Laboratorio, Análise e de Control de Calidade do CIFP Politécnico de Santiago divididos en dous grupos de catro persoas encargáronse este curso de buscar as esencias do Camiño de Santiago, de aí o nome da miniempresa coa que participaron no programa *Lanzadeiras* da Xunta. Para chegar ao resultado final os participantes tiveron que investigar e adentrarse na

ruta xacobeana na búsqueda das mellores herbas para empregar como materia prima e pasaron moitas horas no laboratorio facendo probas ata dar coas Esencias do Camiño que buscaban. As combinacións gañadoras destilaronse para obter os produtos de beleza beneficiosos para a saúde que puxeron á venda: xabón con esencia de lavanda, esencia de romero e crema de ortigas, esta última moi útil para curar as feridas dos peregrinos durante o seu camiño ata Compostela. Aparte do traballo no laboratorio, os es-



Dous dos creadores dos xabóns, cremas e esencias con herbas do Camiño de Santiago. | CARLOS PARDELLAS

tudentes aprenderon tódolos pasos para crear os seus proxectos como empresas e pasaron por tódalas fases. Unha delas, a de marketing,

ademais de na xornada de clausura no CIFP Anxel Casal, xa tiveran ocasión de poñela en práctica a comezos de febreiro durante a sema-

na de portas abertas do centro, cando aproveitaron para montar un *stand* con mostras desta iniciativa e o seu logotipo identificador.

# Un amplo catálogo de análises para bebidas alcohólicas

P. O. C.  
A CORUÑA

O CIFP Politécnico de Santiago e o IES de Viós de Abegondo foron os únicos que presentaron dúas miniempresas ao programa *Lanzadeiras*. No caso do centro compostelán, aparte das Esencias do Camiño, alumnos tamén do ciclo formativo superior de Laboratorio, Análise e de Control de Calidade crearon Laboratorios Eneo, unha miniempresa que abarca todo tipo de análises eno-

lógicas. Os estudos máis básicos miden niveles de ácido acético, a acidez, o grao alcohólico ou o dióxido de azufre de bebidas alcohólicas, sobre todo viño, sen limitarse só a graduación.

Hai outras análises máis elaboradas que abranguen datos tan distintos como as levaduras, as bacterias acéticas e lácticas, a glucosa, os azucres reductores, a cor, o calcio, a densidade, o ferro, o potasio, o sodio...

Este servizo da miniempresa do CIFP Politécnico de Santiago vai



Membros do equipo de Laboratorios Eneo do CIFP Politécnico de Santiago. | CARLOS PARDELLAS

dirixido a marcas de bebidas, vinticultores ou mesmo particulares que precisan coñecer estes datos antes de comercializar as bebidas alcohólicas que producen ou fa-

brikan. No seu catálogo explícase que as mostras envíanse ao laboratorio coa solicitude de dispoñible no Facebook da empresa. Unha vez realizadas as análises, os

membros de Laboratorios Eneo envían o informe por correo electrónico ao cliente pero as mostras gardaranse durante un mes desde a data do envío.

# Unha web sobre paisaxismo para alumnos de Grecia

P. O. C.  
A CORUÑA

Seis alumnos do ciclo superior de Administración de Sistemas Informáticos en Rede (ASIR) do IES San Clemente de Santiago realizan o papel de deseñadores e programadores web, na súa empresa virtual ToxoSoftware. Os seus clientes son os estudantes do curso profesional de agricultura do 1st Vocational Lyceum of Irápetra de Creta (Grecia), que para publicar in-

formación e material sobre paisaxismo da súa empresa Sporakia, precisan que os estudantes do centro compostelano creen unha páxina web. A colaboración dos dous centros forma parte de Green Spots in Town, un proxecto de eTwinning que desenvolven coordinados polo Equipo de Dinamización de Lingüística do IES San Clemente.

O resultado final é un *website* trilingüe en galego, castelán e grego con información técnica, pla-



Catro dos membros da miniempresa ToxoSoftware do IES San Clemente de Santiago. | CARLOS PARDELLAS

nos e debuxos feitos polos estudantes, imaxes de ambas cidades zonas verdes urbanizadas... Os alumnos teñen que comunicarse

en inglés cos seus compañeiros gregos e chegar a acordos, polo que ademais de aprender as claves do emprendemento perfeccionan

o lingua inglesa como lingua de comunicación nun contexto real e cos termos técnicos que corresponden a cada curso profesional.